

natural, o conservacionismo da natureza e o seu aproveitamento.

Esta titulación dá acceso directo ás seguintes carreiras de segundo ciclo: Enxeñeiro de Montes, sen complemento de formación; Enxeñeiro Agrónomo e Tecnoloxía dos Alimentos, con complementos de formación.

## MATERIAS E CONTIDOS

Os contidos fundamentais nos que se forma o alumno desta carreira pódense resumir do seguinte modo:

ÁREAS	CONTIDO
Ciencias do Medio Natural	Bioloxía, Anatomía, e Fisioloxía Vexetais, Zooloxía, Botánica, Edafoloxía e Climatoloxía.
Tecnoloxía dos Recursos Forestais	Tecnoloxía e Industrias da madeira, dos productos forestais.
Silvicultura e Ordenación do Monte	Características silvícolas das especies forestais Tratamentos silvícolas. Coidados culturais. Técnicas de plantación. Dasometría.Cadastro.
Ciencia e Tecnoloxía do Medio Natural	Ecoloxía. Impacto ambiental. Enxeñería do Medio Natural.
Enxeñería do Medio Forestal	Hidráulica. electrotecnia. Termotecnia. Resistencia. de materiais e construcción.
Economía	Organización de empresas.
Proxectos	Organización e xestión de proxectos. Debuxo Técnico. Topografía.

## SAÍDAS PROFESIONAIS

As principais saídas profesionais desta carreira son as seguintes:

- Empresas de industrias da madeira (fábricas de taboleiros, serradoiros, fábricas de mobles, celulosas, papeleiras, etc).
- Administración Forestal Central, Autonómica e Local.
- Tecnoloxía do medio natural, impacto ambiental e consultorías destas materias.
- Oficinas de proxectos de enxeñería.

• Todo tipo de industrias forestais.

• Empresas e traballos topográficos, empresas constructoras e de enxeñería civil.

• Empresas de aproveitamento de residuos, tratamento de biomasa e enerxías xiloxeradas.

Pódese dicir, por último, que esta titulación e a de Enxeñeiro de Montes, segundo ciclo natural dela, ofrecen boas expectativas profesionais, xa que non existe paro en ningunha das dúas; e teñen, ademais, como se pode comprender facilmente (sobre todo en Galicia), un futuro moi prometedor.